

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Tesourería e Xestión de Tributos. Servizo de Xestión Tributaria

Resolución aprobatoria de reconocimiento de la exención prevista en el artículo 93.1.G) del texto refundido de la Ley reguladora de las haciendas locales

RESOLUCIÓN POR LA QUE SE APRUEBA EL PROCEDIMIENTO PARA EL RECONOCIMIENTO DE LA EXENCIÓN PREVISTA EN EL ARTÍCULO 93.1.G) DEL TEXTO REFUNDIDO DE LA LEY REGULADORA DE LAS HACIENDAS LOCALES

Don Valentín González Formoso, presidente de esta Corporación, dictó la resolución número 2026/7962 de 26 de febrero de 2026, del tenor siguiente:

El artículo 93.1.g) del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas locales (en adelante TRLRHL) declara la exención en el Impuesto sobre Vehículos de Tracción Mecánica (en adelante IVTM) para: «los tractores, remolques, semirremolques y maquinaria provistos de la cartilla de inspección agrícola».

La referencia que realiza el citado artículo 93.1.g) del TRLRHL, a la “cartilla de inspección agrícola” hay que entenderla realizada actualmente al certificado de inscripción en el correspondiente Registro Oficial de Maquinaria Agrícola (ROMA) de la respectiva Comunidad Autónoma.

La Dirección General de Tráfico genera y pone a disposición de esta Administración, con periodicidad mensual, los ficheros compresivos de los trámites relativos a los vehículos domiciliados en los ayuntamientos que delegaron el IVTM en esta Diputación: matriculaciones de vehículos, rematriculaciones, bajas definitivas y temporales, transferencias, cambios de domicilio de vehículos, modificaciones de características técnicas, ..., en una fecha determinada.

Entre los datos facilitados, la Dirección General de Tráfico informa, en su caso, del servicio agrícola del vehículo, por acreditarse la inscripción de este en el ROMA. Así, con la finalidad de mejorar la eficiencia del procedimiento administrativo, reduciendo las cargas administrativas que se imponen a los ciudadanos y mejorando la gestión de los recursos públicos, resulta conveniente gestionar de oficio el reconocimiento de la exención prevista en el artículo 93.1.g) del TRLRHL.

Por lo expuesto,

RESUELVO

PRIMERO: Tramitar el reconocimiento de la exención prevista en el artículo 93.1.g) del TRLRHL de aquellos vehículos informados en los ficheros de trámites de vehículos de la Dirección General de Tráfico como de servicio agrícola.

Dicha concesión quedará condicionada al cumplimiento de los requisitos establecidos en el TRLRHL y en las correspondientes Ordenanzas municipales reguladoras del Impuesto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.

Adoptada la correspondiente resolución esta será notificada a la persona interesada siempre que su sentido no sea estimatorio o cuando aquella lo solicite expresamente.

Todo ello, sin perjuicio del deber de los obligados tributarios de comunicar cualquier alteración relevante de las condiciones o requisitos exigibles para la aplicación del beneficio fiscal.

SEGUNDO: Con carácter general, la solicitud de un beneficio fiscal de carácter rogado supone una declaración responsable del cumplimiento de todos los requisitos exigibles para la concesión del beneficio, reservándose esta Administración el poder realizar la correspondiente verificación o comprobación de datos.

TERCERO: En la tramitación de los procedimientos, esta Diputación, salvo oposición de la persona interesada, gestionará de oficio toda la información de la que disponga o a la que tenga acceso con la finalidad de evitar a los contribuyentes trámites y gestiones innecesarios.

CUARTO: Derogar la resolución número 19417, de 14 de diciembre de 2004, por la que se aprobó el modelo de solicitud de exención del IVTM (vehículos no matriculados).

QUINTO: La presente resolución entrará en vigor a partir del 16 de marzo de 2026.

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA O PROCEDIMENTO PARA O RECOÑECEMENTO DA EXENCIÓN PREVISTA NO ARTIGO 93.1.G) DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI REGULADORA DAS FACENDAS LOCAIS

Don Valentín González Formoso, presidente desta Corporación, ditou a resolución número 2026/7962 do 26 de febreiro de 2026, do teor seguinte:

O artigo 93.1.g) do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (en diante, TRLRHL) declara a exención no imposto sobre vehículos de tracción mecánica (en diante, IVTM) para: «os tractores, remolques, semirremolques e maquinaria provistos da cartilla de inspección agrícola».

A referencia que realiza o citado artigo 93.1.g) do TRLRHL á “cartilla de inspección agrícola”, hai que entendela realizada actualmente ao certificado de inscrición no correspondente Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola (ROMA) da respectiva Comunidade Autónoma.

A Dirección Xeral de Tráfico xera e pon ao dispor desta Administración, con periodicidade mensual, os ficheiros comprensivos dos trámites relativos aos vehículos domiciliados nos concellos que delegaron o IVTM nesta Deputación: matriculacións de vehículos, rematriculacións, baixas definitivas e temporais, transferencias, cambios de domicilio de vehículos, modificacións de características técnicas, ..., nunha data determinada.

Entre os datos facilitados, a Dirección Xeral de Tráfico informa, no seu caso, do servizo agrícola do vehículo, por acreditarse a inscrición deste no ROMA. Así, coa finalidade de mellorar a eficiencia do procedemento administrativo, reducindo as cargas administrativas que se impoñen aos cidadáns e mellorando a xestión dos recursos públicos, resulta conveniente xestionar de oficio o recoñecemento da exención prevista no artigo 93.1.g) do TRLRHL.

Polo exposto,

RESOLVO

PRIMEIRO: Tramitar o recoñecemento da exención prevista no artigo 93.1.g) do TRLRHL daqueles vehículos informados nos ficheiros de trámites de vehículos da Dirección Xeral de Tráfico como de servizo agrícola.

A dita concesión quedará condicionada ao cumprimento dos requisitos establecidos no TRLRHL e nas correspondentes Ordenanzas municipais reguladoras do imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

Adoptada a correspondente resolución esta será notificada á persoa interesada sempre que o seu sentido non sexa estimatorio ou cando aquela o solicite expresamente.

Todo iso, sen prexuízo do deber dos obrigados tributarios de comunicar calquera alteración relevante das condicións ou requisitos esixibles para a aplicación do beneficio fiscal.

SEGUNDO: Con carácter xeral, a solicitude dun beneficio fiscal de carácter rogado supón unha declaración responsable do cumprimento de todos os requisitos esixibles para a concesión do beneficio, reservándose esta Administración o poder realizar a correspondente verificación ou comprobación de datos.

TERCEIRO: Na tramitación dos procedementos, esta Deputación, salvo oposición da persoa interesada, xestionará de oficio toda a información da que dispoña ou á que teña acceso coa finalidade de evitar aos contribuíntes trámites e xestións innecesarios.

CUARTO: Derrogar a resolución número 19417, do 14 de decembro de 2004, pola que se aprobou o modelo de solicitude de exención do IVTM (vehículos non matriculados).

QUINTO: A presente resolución entrará en vigor a partir do 16 de marzo de 2026.

A Coruña, 27 de febreiro de 2026

O presidente, PDFR 29/08/2023

O deputado

José Ramón Rioboo Castro

O secretario xeral

Miguel Iglesias Martínez

2026/1247